

Unha aposta decidida

Dende o Concello de Santiago de Compostela temos emprendido actuacións e elaborado programas tendentes á dignificación dos sectores máis desprotexidos da nosa sociedade, como son as persoas maiores, as mulleres e os nenos e nenas. Nunha axeitada colaboración entre a Concellaría da Muller, a de Benestar Social e a UMAD tratamos de poñer en práctica políticas a prol da igualdade porque queremos unha cidade na que mulleres e homes participen por igual na toma de decisións, sexan capaces de mellorar a convivencia e rematar coas lacras impostas por tradicións e costumes sociais excluíntes e, en moitos casos, bárbaras e denigrantes.

Nesta práctica política inclúese o Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades, xa aprobado pola Xunta de Goberno Municipal, que segue a esta carta de presentación, elaborado pola Concellaría da Muller para impulsar o cambio necesario que equilibre a participación das mulleres e homes en todos os ámbitos do noso Concello. Unha aposta decidida do noso Goberno Municipal que dende o primeiro momento propuxo o fomento da inserción laboral das mulleres, a posta en marcha de accións de conciliación da vida familiar e laboral, a creación de programas sociolaborais, de coeducación familiar e a prevención da violencia doméstica e de xénero.

Este novo Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades vai contribuír decididamente a unha mellor convivencia, a detectar os problemas e buscar solucións adecuadas. Vai ser un paso importante na andaina emprendida pola Concellaría da Muller, no seu bo facer a prol da muller e dos sectores sociais menos favorecidos.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela.